

**ACTA****PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 17/2021****SESION EXTRAORDINARIA DO 22 DE DECEMBRO DE 2021****ORDE DO DÍA**

**ÚNICO.-** Resolución de alegacións e aprobación definitiva do Orzamento do Concello para o ano 2022. Expte. 72/142. (Rexistro Pleno 3201/1101).

**ASISTENTES****POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA**

Caballero Álvarez Abél Ramón  
 Aguiar Castro Yolanda  
 Aneiros Pereira Jaime  
 Blanco Iglesias Eugenia Dolores  
 Caride Estévez María José  
 Espinosa Mangana Elena  
 Estévez Rodríguez Pablo Luis  
 Fernández Pérez José Manuel  
 Gómez Díaz Gorka  
 Iglesias González Ana Laura  
 Lago Barreiro María del Carmen  
 López Font Carlos  
 Losada Alvarez Abel Fermín  
 Mejías Sacaluga Ana Maria  
 Rodríguez Calviño Patricia  
 Rodríguez Díaz Santos Héctor  
 Rodríguez Rodríguez Nuria  
 Silva Rego M<sup>a</sup> Carmen

**POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR**

Egerique Mosquera Teresa  
 González Castillo Jesús Marco  
 López Román Patricia  
 Marnotes González José Alfonso

**POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO**

Méndez Fuentes Oriana  
 Pérez Correa Ruben

**MEMBRO NON ADSCRITO**

Pérez Igrexas Xabier

**NON ASISTEN:**

Pardo Espiñeira Francisco Javier, concelleiro do grupo municipal Socialista.  
 Rivas González Ángel, concelleiro do grupo municipal Socialista.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e dous de decembro do ano dous mil vinteun, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa



Copia do documento - Concello de Vigo  
 3257-1101

Data impresión: 28/01/2022 12:55

Páxina 1 de 21

CSV: A9A1A6-34CE43-B6AF87-67ANJB-ZXWGH5-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, López Roman, Losada Alvarez, Marnotes González, Mejías Sacaluga, Pérez Correa, Pérez Igrexas, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente a Interventora Adxunta, dona Olga Gómez Corbal.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

**ÚNICO. (234).- RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO DO CONCELLO PARA O ANO 2022. EXPTE. 72/142. (REXISTRO PLENO 3201/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 19 de decembro de 2021, o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda emite a seguinte proposta,

“ Órgano: Ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda

Asunto: Proxecto de Orzamentos Xerais do Concello de Vigo para o ano 2022.

Perímetro de consolidación:

Orzamento da Entidade Local.  
Orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Xerencia Municipal de Urbanismo.  
Anexo dos Orzamentos das Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU.

Proposta: Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda (Delegación por Resolución de 18 e 26 de xuño de 2019, texto consolidado do 04/09/2020).

ANTECEDENTES

O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 17 de novembro 2021, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral da Entidade Local, o do seu Organismo Autónomo Administrativo dependente, Xerencia Municipal de Urbanismo e o anexo orzamentario das Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU para o ano 2022.

En cumprimento do preceptuado nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 2 de 21
3257-1101	CSV: A9A1A6-34CE43-B6AF87-67ANJB-ZXWGH5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o expediente someteuse a exposición pública por un prazo de 15 días hábiles contados a partires do día seguinte o da súa publicación, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 223 do día 18 de novembro, comezando a súa exposición o día 19, e rematando o prazo da mesma o 13 de decembro de 2021.

No citado período, e consonte á certificación que se adxunta emitida pola Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local, presentáronse polos interesados tres alegacións que forman parte da documentación que conforma o expediente do Orzamento Xeral para o ano 2022. As mesmas foron resoltas, pronunciándose sobre a inadmisión, estimación ou desestimación de acordo aos motivos que en cada caso se reflicten no informe que se achega, dando así cumprimento ao previsto no artigo 35 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A contestación que motiva a inadmisión, estimación ou desestimación figura no informe que conforma o expediente administrativo. Na identificación do/a alegante analízase a lexitimación de quen a presenta, e cal ou cales son os fundamentos da alegación presentada, así mesmo avalíase se se da cumprimento as causas obxectivas que regula o artigo 170.2 do TRLRFL.

En consecuencia co anterior, aquelas alegacións que estean no marco xurídico do artigo 170.1 ou 170.2, é dicir, que o alegante teña lexitimación para presentar a mesma, e ademais, a alegación estea nos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170 TRLRFL, nese caso, estudada e avaliada tecnicamente, o órgano político pronunciarase sobre a estimación/desestimación ou inadmisión.

No caso no que non exista lexitimación ou non se corresponda cos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, a alegación será inadmitida, sen entrar na análise da mesma.

Visto o informe técnico sobre as alegacións presentadas ao proxecto do Orzamento para o ano 2022 no prazo de exposición pública, fórmulase a Pleno a seguinte:

#### PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO PARA O ANO 2022

Tendo en conta o anterior, proponse ao Pleno da Corporación, previo Ditame da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, a adopción do seguinte ACORDO..."

Deseguido o concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 3 de 21
3257-1101	CSV: A9A1A6-34CE43-B6AF87-67ANJB-ZXWGH5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Con data 19.12.21, o Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentario, emitiu o seguinte informe sobre as alegacións.

*“Antecedentes*

A Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria celebrada o día 3 de novembro de 2021, coa proposta formulada polo Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda, previa emisión de todos os informes preceptivos, aprobou o Proxecto dos Orzamentos da Entidade Local e o seu Organismo Autónomo Administrativo, Xerencia Municipal de Urbanismo e os Plans de Actuación e Financiamento das Fundacións que forman parte do Grupo Concello de Vigo: MARCO e CONVENTION BUREAU para o ano 2022.

A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, en sesión de data 03/11/2021 en aplicación do previsto no Regulamento Orgánico do Pleno, abriu o procedemento e fixou o calendario para que os grupos políticos municipais puidesen presentar emendas ao Proxecto de Orzamentos aprobados pola Xunta de Goberno Local na sesión extraordinaria celebrada o día 3 de novembro de 2021. O prazo fixado comezou o día 04/11/2020 co acceso ao expediente 72/142, e rematou as 13,00 horas do día 11/11/2021 .

Seguindo o procedemento legalmente establecido, os Grupos Políticos Municipais, ao amparo do previsto no artigo 83 do Regulamento Orgánico do Pleno, fixeron uso da súa prerrogativa e presentaron emendas ao Orzamento no prazo previsto pola Comisión do que queda constancia no expediente coa data do rexistro das mesmas e a súa incorporación ao expediente electrónico.

A Comisión de Orzamentos e Facenda en sesión Extraordinaria do 12 de novembro de 2021, ditaminou favorablemente a proposta formulada do Orzamento para o ano 2022, contendo o pronunciamento sobre as emendas presentadas.

O Pleno do Concello de Vigo en sesión extraordinaria celebrada o 17 de novembro 2021, aprobou inicialmente o Orzamento Xeral da Entidade Local, o do seu Organismo Autónomo Administrativo dependente, Xerencia Municipal de Urbanismo e o anexo orzamentario das Fundacións: MARCO e CONVENTION BUREAU para o ano 2022.

En cumprimento do preceptuado nos artigos 169 e 170 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e artigo 13 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o devandito expediente estivo a disposición dos interesados no Punto de Acceso Xeral do Concello co enderezo electrónico de referencia da sede electrónica do Concello de Vigo <https://sede.vigo.org>, así como o expediente físico nas dependencias do servizo de Intervención - Contabilidade deste Concello durante o período de 15 días hábiles, contados a partires do seguinte á inserción do Edicto no Boletín Oficial da Provincia, sendo publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 223 do día 18 de novembro, comezando a súa exposición o día 19, e rematando o prazo da mesma o 13 de decembro de 2021.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 4 de 21
3257-1101	CSV: A9A1A6-34CE43-B6AF87-67ANJB-ZXWGH5-F1	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

No citado período, e consonte á certificación que se adxunta e incorporada ao expediente electrónico emitida pola Titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno Local, presentáronse polos interesados que regula os artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP, TRES alegacións que forman parte da documentación que conforma o expediente do Orzamento Xeral para o ano 2022.

#### *Normativa de aplicación*

Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

Regulamento (UE) Nº 549/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 21 de maio de 2013, relativo ao Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais da Unión Europea (en diante SEC- 2010).

Regulamento (CE) nº 1466/97 do Consello de 7 de xullo de 1997, relativo ao reforzamento da supervisión das situacións orzamentarias e á supervisión e coordinación das políticas económicas, coa modificación operada polo Regulamento 1175/2011, de 16 de novembro, do Parlamento e do Consello.

Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos.

Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 decembro de Estabilidade Orzamentaria.

Orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, coa modificación incorporada pola Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo.

Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local .

Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Regulamento Orgánico do Pleno, aprobado o 30 de maio de 2016, publicado no BOP nº 114 do día 15/06/2016.

Ordenanza de Administración electrónica do Concello de Vigo, aprobada polo Pleno da Corporación en sesión do 30 de xuño de 2021

Acordo da Comisión Europea de aplicar a cláusula xeral de salvagarda do Pacto de Estabilidade e Crecemento no ano 2020, prorrogouna para o exercicio 2021 e o pasado mes de xuño considerou que se cumprían as condicións para mantela en vigor tamén para o ano 2022.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 5 de 21
3257-1101	CSV: A9A1A6-34CE43-B6AF87-67ANJB-ZXWGH5-F1	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

De acordo coas directrices comunitarias, o Consello de Ministros do 6 de outubro de 2020 suspendeu as regras fiscais dese ano e do seguinte (2020-2021); o Congreso dos Deputados apoiou a decisión do Goberno o día 20 dese mesmo mes. A teor dos plans orzamentarios do próximo exercicio, o Consello de Ministros do pasado 27 de xullo acordou o mantemento da suspensión das regras fiscais.

O Pleno do Congreso dos Deputados en sesión do 13 de setembro de 2021, aprecia que persisten as condicións de excepcionalidade que xustifican manter suspendidas as regras fiscais, polo que activou os artigos 135.4 da Constitución e do 11.3 da Lei de Estabilidade Orzamentaria, que permiten aparcar os obxectivos de déficit e débeda en situacións de emerxencia extraordinaria.

#### *Réxime legal para a presentación de alegacións e reclamacións ao Orzamento*

O artigo 170 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo ( en diante, TRLRFL), e artigo 22 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos ( en diante, RP), regula o réxime de reclamacións ao Proxecto de Orzamentos das entidades locais. No apartado primeiro dos artigos 171 do TRLRFL e 22 do RP, establece que contra a aprobación definitiva do orzamento poderá interperse directamente recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos que establece a Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

#### *Lexitimación*

En relación coa lexitimación activa para formular reclamacións en vía administrativa á aprobación do orzamento, os artigos 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP, prevén tres categorías de interesados:

- a) Os habitantes do territorio da respectiva Entidade local (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 15 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local ( en diante, LRBRL).
- b) Os que resulten directamente afectados aínda que non habiten no territorio da Entidade Local (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 4 da LPAC ).
- c) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar polos intereses profesionais, económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lle son propios (artigo 170.1 do TRLRFL e 22.1 do RP en relación co artigo 4 dá LPAC.

As reclamación e alegacións presentadas, incorporáronse ao expediente electrónico. Da súa avaliación, todas cumprirían o requisito de lexitimación activa, xa que os reclamantes atópanse nalgunha das categorías de interesados antes enunciadas.

#### *Causas sobre as que se pode alegar ou reclamar*

Ademais da lexitimación activa, deben concorrer as causas obxectivas. O apartado segundo do citado artigo 170 do TRLRFL, así como o mesmo apartado do artigo 22



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 6 de 21
3257-1101	CSV: A9A1A6-34CE43-B6AF87-67ANJB-ZXWGH5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

do R.P, enumeran os motivos taxados nos que procede a presentación destas reclamacións en vía administrativa.

1. Un primeiro motivo polo cal unicamente poderán establecerse reclamacións contra o orzamento, ven determinado, por non haberse axustado a súa elaboración e aprobación aos trámites establecidos no propio TRLRFL.
2. En segundo lugar, por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigas esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo. A Lei impón ás Entidades Locais a esixencia de incluír nos orzamentos as oportunas previsións para facer fronte ás obrigas xa recoñecidas directamente pola propia Lei ou mediante títulos ou actos concretos emitidos ou ditados en aplicación directa daquela. Para que exista esta obriga, é preciso que a mesma sexa “esixible”, isto é, que a mesma se perfeccionou mediante os actos necesarios para a súa efectividade.
3. En terceiro lugar, por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentados ou ben destes respecto das necesidades para as que estea previsto.

A doutrina maioritaria soamente permite a reclamación cando tales insuficiencias sexan “manifestas” tal e como fai referencia o precepto, de non ser así, suporía limitar as facultades de decisión económico-financeira que comporta o exercicio da autonomía local.

O artigo 85.3 do Regulamento Orgánico do Pleno, establece que as reclamacións serán informadas no prazo dos quince días seguintes ao de finalización do prazo polo órgano municipal competente en materia de orzamentos, se existira, ou, no seu caso, pola Intervención Xeral que formulará proposta ao Pleno, no caso de que a proposta introduza modificacións ao proxecto inicial como consecuencia da estimación de reclamacións abrirase aos grupos municipais un prazo de presentación de emendas de tres días que só poderán referirse a tales modificacións; debatidas e votadas as emendas a Comisión elaborará un ditame que será elevado ao Pleno para a súa aprobación definitiva se procede.

#### *Lugar de presentación das alegacións ou reclamacións*

En canto á forma de presentación das alegacións, estarase ao previsto no artigo 14 da Lei 39/2015 e o previsto na Ordenanza de Administración electrónica do Concello de Vigo aprobada polo Pleno da Corporación en sesión do 30 de xuño de 2021.

O artigo 7 da Ordenanza de Administración electrónica establece os medios de acceso, establecendo os seguintes canles: a) As oficinas de atención presencial que se determinen, incluídas as oficinas de asistencia en materia de rexistro, para facilitar o uso adecuado das canles electrónicas, b) A Sede Electrónica e puntos de acceso electrónico aos distintos órganos do Concello e os seus entes vinculados ou dependentes. No seu artigo 6 establece como un deber da cidadanía, utilizar os servizos e procedementos da administración electrónica con respecto das normas de uso para cada procedemento ou servizo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 7 de 21
3257-1101	CSV: A9A1A6-34CE43-B6AF87-67ANJB-ZXWGH5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Nunha aplicación xeral, a presentación de alegación ou reclamación, quedan suxeitas a presentación por en calquera dos seguintes portais:

- Rexistro web.
- Rexistro de outras administracións.
- Rexistro electrónico do Concello.
- Rexistro presencial, mediante asistencia en materia de rexistro
- Plataforma de Dirección Electrónica Habilitada Única (DEHU).
- Rexistro electrónico da Administración Xeral del Estado.
- Oficina de Rexistro Virtual (ORVE).
- Correo postal.

Calquera reclamación ou alegación non presentada a través dos rexistros ou portais relacionados ou segundo o procedemento regulamentado na Ordenanza de Administración Electrónica do Concello de Vigo, non se terá en conta.

#### *Tipificación de inadmisión ou rexeitamento*

Aquelas alegacións que estean no marco xurídico do artigo 170.1 e 170.2, é dicir, que o alegante teña lexitimación para presentar a mesma, e ademais, a alegación estea nos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170 TRLRFL, nese caso, estudada e avaliada tecnicamente, o órgano político pronunciarase sobre a aceptación ou rexeitamento.

No caso no que non exista lexitimación ou non se corresponda cos supostos taxados no apartado 2 do artigo 170 do TRLRFL, a alegación será inadmitida.

En calquera dos supostos previstos, o informe detallará en síntese o contido da alegación e xustificará a causa da anadmisión ou se fose o caso, do rexeitamento/desestimación.

Unha vez que queda tipificada a lexitimación activa e as causas polas que se poden formular reclamacións e alegacións ao Orzamento Municipal, as que se someten a informe son as seguintes:

#### *Alegacións presentadas*

Alegación presentada por Dona Alicia Meiriño Fernández, nº de documento de rexistro 210252407 de data 10/12/2021, código W633389-2469.

Por tratarse dun empregado público que conforma a RPT vixente, foi remitida a Área de Recursos Humanos e Formación e informada pola Sra. Xefa da Área de RR.HH e Formación.

Consonte á lexislación vixente en materia de réxime local - constituída principalmente pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, nos municipios sometidos ao réxime xurídico de grande poboación o Pleno do Concello unicamente ostenta competencias en materia de persoal en canto a:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 8 de 21
3257-1101	CSV: A9A1A6-34CE43-B6AF87-67ANJB-ZXWGH5-F1	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



- Aprobación e modificación dos regulamentos municipais (artigo 123.1.d), entre os cales incluíranse os instrumentos reguladores das condicións sociais, económicas e laborais do persoal funcionario e do persoal laboral ao servizo do Concello, respectivamente, así como os regulamentos de natureza orgánica.
- Aprobación da plantilla de persoal vinculada á dos orzamentos municipais (artigo 123.1.h).
- O establecemento do réxime retributivo, entre outros, da Secretaría Xeral do Pleno e dos órganos directivos municipais.
- Recoñecemento da compatibilidade do persoal municipal -neste caso, consonte ao título competencial habilitante previsto na Lei 53/1984, de 26 de decembro-. Déixase constancia expresa de que será a Relación de Postos de Traballo e non a plantilla a que defina o contido, características, requisitos de desempeño, forma de provisión e retribucións de cada un dos postos de traballo do Concello de Vigo.

En relación coa variación das retribucións, o artigo 19 do proxecto de Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, establece que as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ao 2 por cento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2021, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo.

O disposto anteriormente debe entenderse sen prexuízo das adecuacións retributivas que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido dos postos de traballo, pola variación do número de efectivos asignados a cada programa ou polo grao de consecución dos obxectivos fixados ao mesmo.

Os acordos, convenios ou pactos que impliquen crecementos retributivos superiores aos fixados no artigo 19 do PLOXE deberán experimentar a oportuna adecuación, devindo inaplicables as cláusulas que se opoñan ao mesmo.

De acordo ao informe da Xefatura de Área de RR.HH e Formación, non resulta aceptable a invocación de circunstancias concorrentes entre os dous postos de traballo que se citan, aínda que a reclamante fai referencia a que os dous postos son de igual contido XEFE/A NEGOCIADO XUNTA DE GOBERNO LOCAL e o outro XEFE/A NEGOCIADO DE ACTAS, é dicir, dúas xefaturas de negociado, non responde á realidade xurídica da Relación de Postos de Traballo vixente, onde se reflicten dous postos distintos (XEFE/A DA OFICINA DA SECRETARIA DO GOBERNO LOCAL, CÓDIGO 189 e XEFE/A NEGOCIADO DE ACTAS, CODIGO 163, con contidos distintos, factores que dan orixe a unha valoración do complemento específico distinto.

En todo caso, se concorre o suposto de adecuación retributiva que, con carácter singular e excepcional, resulten imprescindibles polo contido do posto de traballo 163, dentro do Capítulo I de gastos, se contempla unha dotación orzamentaria específica (aplicación 920.0.121.03.00- "Fondo adecuación retributiva"), dotada cun importe de 50.000 euros destinada ao afrontamento de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 9 de 21
3257-1101	CSV: A9A1A6-34CE43-B6AF87-67ANJB-ZXWGH5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

calquera revisión retributiva que resulte necesario realizar durante o ano 2022, sempre en aplicación do previsto na lexislación sobre orzamentos en canto ás adecuacións retributivas excepcionais e singulares.

En síntese, se prexuízo do informe emitido pola Sra. Xefa de Área de Recursos Humanos e Formación, que forma parte do expediente e das consideracións reflectidas neste informe, a alegación presentada non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do TRLRFL, dado que a configuración, denominación e retribucións dos postos de traballo, á unha competencia dá Xunta de Goberno Local, ou órgano competente de acordo ás delegación no marco das súas competencias en canto á xestión do persoal municipal (artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, na redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, non sendo unha competencia do Pleno, agás o establecemento do réxime retributivo, entre outros, da Secretaría Xeral do Pleno e dos órganos directivos municipais, nin ser un dos supostos previstos no artigo 170.2 do TRLRFL para entablar unha alegación ao orzamento.

Alegación presentada pola Secretaria da Sección Sindical da CIGA do Concello de Vigo, nº documento do Rexistro 210274950.

En canto a reclamación que presenta pola Secretaria da Sección Sindical CIG, sobre a incorporación de remanentes, este é un soposto que ten causa na Liquidación do Orzamento 2021, que non ten relación co Orzamento en trámite para o ano 2022, e so en determinadas circunstancias poderían ser incorporados os créditos, regulación que queda contida no artigo 182 do TRLRFL.

En canto á modificación dos créditos iniciais con cargo aos remanentes non gastados, hai que estar ao marco da legalidade. O artigo 104 do RD 500/1990, de 20 de abril, establece que en ningún caso o remanente de Tesourería formará parte das previsións iniciais de ingresos nin poderá financiar, en consecuencia, os créditos iniciais do orzamento de gastos.

En todo caso, faise unha afirmación que non responde a realidade orzamentaria, o estado de gastos do Orzamento no programa 1360, Extinción de incendios, ten un investimento previsto para o ano 2022 de 1.400.000 euros, mentres que o estado de ingresos, prevé ingresar polas Contribucións especiais de UNESPA, no concepto 35100, unha previsión de 1.100.000 euros, polo que, non só se dotan investimentos pola totalidade das contribucións especiais, senón por unha contía de 300.000 euros mais.

Consecuencia do anterior, é máis que probable, que o esforzo inversor do Concello sexa moi superior que as contías que queden ao peche do ano 2021 sin comprometer, xa que os créditos comprometidos serán incorporados.

Así mesmo, a alegación presentada non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do TRLRFL, polo que, resulta inadmitida.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 28/01/2022 12:55	Páxina 10 de 21
3257-1101	CSV: A9A1A6-34CE43-B6AF87-67ANJB-ZXWGH5-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Alegacións presentadas por D. Antonio Collazo Collazo en representación da Asociación Veciñal de Teis (CIF G36646545) co número de rexistro do documento 20262208, de data 13/12/2021.

En relación coa alegación que vai a xerar unha emenda ao ditame da Comisión informativa e que xera este informe de rectificación, hai que esta á seguinte incidencia.

#### *Antecedentes*

á vista dá certificación do Rexistro Xeral do Concello sobre as alegacións presentadas en prazo, polos servizos técnicos fixéronse as avaliacións sobre a lexitimación e o contido das mesmas, formulouse proposta ao Pleno previo Ditame da Comisión Informativa que Ditaminou sobre a proposta en sesión do 17 de decembro de 2021.

O Sr. Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, D. Xabier Pérez Iglesias, membro non adscrito do Pleno, advirte de que hai unha alegación que non queda reflectica no informe nin na proposta.

#### *Indagación*

Sobre a cuestión planteada, fixéronse as pesquisas oportunas co Servizo de Administración Electrónica do Concello, no que se fai constar, que nese día houbo unha alteración das craves de control das sinaturas entre o Concello e a certificadora, e que efectivamente xurdiron algúns problemas.

